<p>Obxectivo 3: Fomentar a ampliación de prazas en escolas infantís e de servizos dirixidos á poboación escolar.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Favorecer a asignación de prazas en escolas infantís a familias monomarentais e monoparentais ou a aquelas en situación de exclusión social. - Ampliar os servizos de ludoteca e as actividades de tempo libre. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de prazas nas escolas infantís destinadas a familias monomarentais e monoparentais ou a aquelas en situación de exclusión social. - Número de nenas e nenos en idade escolar que utilizan o servizo de ludoteca e as actividades de tempo libre organizadas polo Concello. - Ampliación efectiva do servizo de ludoteca e de actividades de tempo libre. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 4: Animar ás mulleres xóvenes a que elixan estudos e profesións sen deixarse levar polos estereotipos sexistas.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facer uso de materiais diversos para a orientación escolar e profesional donde se corrixan as tendencias a elixir profesións en función do sexo. - Apoiar ás rapazas que optan por estudos e profesións nos que a presenza de rapaces sexa maioritaria. - Motivar aos rapaces a que opten polas profesións que tradicionalmente foron desempeñadas por mulleres (ensinanza, profesións de axuda, de coidado...). <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas para animar ás mulleres xóvenes a que elixan estudos e profesións sen deixarse levar polos estereotipos sexistas: número de mulleres informadas. - Porcentaxe de mulleres xóvenes de Verín que elixiron estudos ou profesións nos que a participación destas é minoritaria. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 5: Favorecer a formación das mulleres adultas.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguir apoiando a existencia dos centros e iniciativas que teñen por finalidade formar ás mulleres adultas, maiores, e/ou de colectivos en risco de exclusión (inmigrantes, discapacitadas, minorías étnicas, etc). - Establecer ou potenciar os mecanismos que permitan ou facilitan ás mulleres responsables de persoas dependentes participar en actividades formativas (Futuro Centro de Día, escolas infantís, ludoteca, etc). <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas dirixidas a mulleres adultas para fomentar a súa asistencia a formación. - Axeitar efectivamente a accesibilidade a esta formación: horarios, servizos de coidado de persoas, contidos, etc. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 6: Favorecer a participación das mulleres na programación e desenvolvemento en todas as actividades culturais e de ocio.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Potenciar programación cultural na que as protagonistas sexan mulleres. - Impulsar actos culturais xestionados ou realizados por mulleres. - Axeitar e diversificar as actividades culturais e de ocio ás diferentes situacións, necesidades e intereses das mulleres e homes tendo en cota aspectos como a accesibilidade, horario, servizos de coidado de persoas, etc. - Fomentar a celebración de charlas e conferencias de achegamento a outras culturas realizadas por parte das mulleres inmigrantes. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de mulleres que participan na programación e desenvolvemento das actividades culturais e de ocio promovidas polo Concello. - Número de actos culturais xestionados ou realizados por mulleres financiados polo Concello. - Axeitar efectivamente a accesibilidade a estes actos culturais: horarios, servizos de coidado de persoas, contidos, etc. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 7: Potenciar e divulgar a creación cultural e artística das mulleres.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incentivar a produción cultural e artística de mulleres e aquela que incorpore unha visión non sexista da sociedade. - Recuperar a aportación histórica realizada polas mulleres de Verín ao mundo da cultura. - Dar a coñecer as obras artísticas e culturais realizadas por mulleres de Verín. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de mulleres beneficiadas polas medidas de promoción da produción cultural e artística. - Número de actos de divulgación das aportacións históricas, artísticas e culturais realizadas polas mulleres ao mundo da cultura. - Divulgación efectiva das aportación. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 8: Incorporar a igualdade de oportunidades nas actividades realizadas dende a biblioteca.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Achegar ás mulleres a todos os servizos ofrecidos pola biblioteca, especialmente os máis novidosos coma os relativos ás novas tecnoloxías. - Elaborar un listado de libros non sexista e favorecer a súa difusión. - Facilitar a elaboración e distribución de catálogos de lecturas e materiais audiovisuais que favorezan a igualdade entre os sexos dirixidos principalmente a nenas e nenos, pais e nais e profesionais implicados na educación. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración efectiva dun listado de libros non sexistas. - Elaboración efectiva de catálogos de lecturas e materiais audiovisuais que favorezan a igualdade entre sexos. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 9: Fomentar a práctica deportiva das mulleres.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Impulsar o deporte coma hábito saudábel e forma de ocio entre as mulleres verinenses de tódalas idades. - Facilitar a utilización de infraestruturas municipais a equipos ou clubs femininos. - Axeitar o uso dos espazos deportivos garantindo a utilización equilibrada entre mulleres e homes e facilitando os servizos de coidado de persoas. - Colaborar e asesorar aos colexios no fomento da coeducación en materia deportiva tanto nas actividades escolares coma extraescolares. - Incorporar o principio de igualdade de oportunidades en tódalas actividades deportivas que se organicen dende o Concello. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas e encontros dirixidos a fomentar a práctica deportiva das mulleres. - Número de mulleres e homes usuarios/as das infraestruturas deportivas. - Número de encontros cos centros de ensino para fomentar a coeducación en materia deportiva das actividades escolares e extraescolares. - Axeitar efectivamente as actividades nas infraestruturas deportivas do Concello ás necesidades das mulleres: horarios, accesibilidade, etc. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 10. Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os niveis do deporte de competición.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Favorecer a presenza de mulleres en deportes nos que tradicionalmente non participaron. - Apoiar a participación de mulleres de Verín no deporte de elite. - Fomentar unha rede entre as empresas promotoras de equipos femininos. - Continuar impulsando a organización de encontros deportivos entre mulleres. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de mulleres que participan en deportes nos que tradicionalmente non participaron. - Número de mulleres de Verín en deporte de elite. - Número de encontros deportivos entre mulleres organizados ou subvencionados dende o Concello. - Creación efectiva dunha rede de empresas promotoras de equipos femininos: tipos de empresas, tipo de colaboración, etc. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 11: Visibilizar o deporte realizado por mulleres</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recomendar aos medios de comunicación locais que informen sobre as actividades das mulleres deportistas. - Introducir en toda a publicidade de actividades deportivas imaxes tanto de mulleres coma de homes. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de recomendacións aos medios de comunicación locais para que informen sobre as actividades das mulleres deportistas. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SITUACIONES DE EXCLUSIÓN SOCIAL	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 1: Atención a mulleres adicadas á prostitución.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar lugares de encontro e reflexión de mulleres adicadas á prostitución. - Asesorar, informar e orientar a aquelas mulleres que desexen abandonar a prostitución. - Facilitar e informar sobre o acceso a rede sanitaria a mulleres que exercen a prostitución. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de consultas realizadas por mulleres adicadas a prostitución. - Número de encontros entre mulleres adicadas á prostitución organizados ou facilitados polo Concello ou entidades sociais. - Número de actividades organizadas en relación ás mulleres adicadas á prostitución. - Tipo de asesoramento, asistencia, procedencia das usuarias, etc. 	<p>Área de Benestar Social.</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 2: Mellorar a atención a mulleres inmigrantes e de minorías étnicas.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Promover a creación de foros de encontro de mulleres inmigrantes e de minorías étnicas. - Programar cursos de galego e castelán para favorecer a integración. - Organizar xornadas, charlas e conferencias sobre a situación das mulleres inmigrantes e de minorías étnicas para superar estereotipos. - Asesorar sobre os dereitos laborais e políticos das inmigrantes e das mulleres das minorías étnicas. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de foros, cursos, xornadas organizados para o encontro ou sensibilización das mulleres inmigrantes e de minorías étnicas. - Tipo de asesoramento, asistencia, procedencia das usuarias. - Asistencia a cursos destas mulleres: número, procedencia, etc. - Asistencia a xornadas de sensibilización: sexo dos asistentes, tipo de organización, duración, difusión, etc. 	<p>Área de Benestar Social- Oficina de Inmigración-Plan de Integración do pobo xitano.</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SITUACIONES DE EXCLUSIÓN SOCIAL	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 3: Mellorar a atención a mulleres en situación de pobreza.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuar informando e asesorando sobre os recursos sociais e axudas existentes (RISGA, AES, RAI, PNC, etc). - Incorporar as necesidades das mulleres soas con responsabilidades familiares no deseño de programas en contra da exclusión social. - Facilitar o acceso destas mulleres aos servizos socio-comunitarios para facilitar a súa formación e integración no mundo laboral. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de consultas de mulleres en relación a recursos sociais e servizos sociocomunitarios atendidas no Concello. - Número de mulleres beneficiarias de axudas sociais. - Destinatarias das axudas sociais: idade, procedencia, situación familiar, fillos/as a cargo, tipo de axuda, nivel de satisfacción e impacto. - Difusión de axudas e recursos existentes: tipo de difusión, colectivos destinatarios, periodicidade e alcance da difusión. 	<p>Área de Benestar Social- Departamento de Servizos Sociais</p> <p>Área de Igualdade- Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 4: Mellorar as condicións de vida da poboación ancián.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar estudos que permitan un diagnóstico da situación na que se atopan as persoas maiores. - Facilitar o acceso (Programa Anta) ás actividades de ocio a mulleres maiores. - Asesorar e dar apoio psicolóxico para superar a soidade a persoas maiores. - Apoiar e fomentar o voluntariado das persoas maiores en tarefas de compañía doutras persoas maiores. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de actividades de asesoramento e apoio que teñen coma destinatarias ás mulleres maiores. - Número de estudos en relación á poboación maior elaborados polo Concello, coa variable sexo na súa análise. - Elaboración dun rexistro de persoas maiores que viven soas: idade, ubicación, condicións da vivenda, necesidades específicas e nivel de dependencia. 	<p>Área de Benestar Social- Departamento de Servizos Sociais</p> <p>Área de Igualdade- Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	SERVIZOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 1: Favorecer a prevención e potenciar a investigación en materia de violencia contra as mulleres.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar accións de sensibilización en torno a problemática e prevención da violencia contra as mulleres e das agresións sexuais, informando sobre os recursos dispoñibles e alentando a formulación de denuncias nestes supostos. - Realizar actividades de prevención sobre o maltrato e as agresións sexuais a mulleres dirixidas especialmente á poboación escolar. - Fomentar a solidariedade dos homes animándoos a denunciar publicamente as situacións de violencia contra as mulleres. - Favorecer a organización de cursos de autodefensa para mulleres. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas de sensibilización realizadas á poboación en xeral e á poboación escolar en particular. - Número de actividades realizadas dirixidas á poboación masculina. - Número de estudos en relación á violencia contra as mulleres elaborados polo Concello. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p> <p>Alcaldía</p> <p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p>

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 2: Mellorar os servizos de asistencia a mulleres vítimas de violencia.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Favorecer espazos de reflexión entre diferentes institucións para a mellora da asistencia a mulleres vítimas de violencia. - Favorecer a posta en práctica de acordos de coordinación establecidos (protocolo de actuación) entre as distintas instancias que interveñen nos supostos. - Organizar actividades de intercambio de boas prácticas de intervención e prevención contra a violencia a través de encontros entre profesionais, elaboración de guías, etc. - Favorecer dende o Concello de Verín o acompañamento ás mulleres vítimas de situacións de violencia. - Garantir que, en todos os turnos da Policía Local de Verín existan profesionais con formación específica na atención a vítimas de malos tratos e de agresións sexuais, tratando que sexan preferentemente mulleres as que realicen a atención. - Elaborar e adaptar as recomendacións para o corpo policial sobre as pautas de actuación a desenvolver en casos de violencia e agresións sexuais. - Xestionar axudas sociais para as mulleres vítimas de violencia. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliación efectiva dos recursos municipais existentes en relación ao maltrato e ás agresións sexuais. - Número de contactos formais ou programas conxuntos con outras institucións en relación á asistencia a vítimas de violencia. - Número de foros de intercambio de boas prácticas. - Número de cursos organizados e realizados polo persoal do Concello relacionado con situación de violencia (policía local, traballadoras/es sociais, educadoras/es, etc). 	<p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p> <p>Área de Benestar Social</p> <p>Alcaldía</p> <p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p>

VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 3: Informar ás mulleres sobre os seus dereitos en situacións de violencia e procurarles asistencia xurídica.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Continuar co asesoramento xurídico e atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia. - Garantir a asistencia xurídica das vítimas de maltrato e agresións sexuais ao longo de todo o proceso xudicial. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de mulleres vítimas de violencia informadas e asesoradas. - Características do colectivo destinatario de asesoramento: idade, procedencia, tipo de violencia, etc. - Seguimento efectivo da asistencia e acompañamento xurídico. 	<p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p> <p>Área de Benestar Social</p>
<p>Obxectivo 4: Formar a profesionais e colectivos que interveñen en situacións de maltrato e agresións sexuais.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Organizar actividades de formación dirixidas a persoas que traballan en asociacións e organizacións que desenvolven programas de prevención e asistencia a vítimas de malos tratos. - Formar a profesionais implicados na educación de xóvenes para que realicen actividades de prevención sobre aspectos relacionados coa violencia e agresións sexuais. - Formación e sensibilización ao persoal da policía local. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de cursos e xornadas organizadas (para o persoal da policía local, profesionais da educación, saúde, e axentes externos): asistentes, duración, nivel de aplicación ao traballo. 	<p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p> <p>Área de Benestar Social</p> <p>Alcaldía</p> <p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p>

URBANISMO, TRANSPORTE, VIVENDA E MEDIOAMBIENTE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 1: Axeitar a política urbanística municipal ao principio de igualdade.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorporar na planificación urbanística municipal os elementos mínimos para deseñar unha vila de calidade acorde co principio de igualdade. - Desenvolver indicadores de calidade de edificios e barrios dende a perspectiva de xénero. - Adaptar as infraestruturas urbanas para evitar as agresións contra mulleres (mellora do alumeadado público, vías estreitas...). - Adaptar os espazos públicos a persoas con mobilidade reducida e ir eliminando progresivamente tódalas barreiras arquitectónicas. - Distribuír non puntos máis importantes de atención ao público do Concello buzos de suxerencias urbanísticas. - Convocar reunións periódicas con colectivos sociais para recompilar as percepcións da cidadanía respecto a planificación urbanística. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización efectiva dunha batería de indicadores de calidade de edificios e barrios dende a perspectiva de xénero: axentes participantes no deseño, mecanismos previstos para a difusión, grado e periodicidade de utilización. - Adaptación efectiva das infraestruturas urbanas: tipo de mellora realizada. - Realización dun mapa de puntos perigosos e melloras realizadas. - Número de buzos e suxerencias depositadas. - Número de homes e mulleres que asisten ás reunións. 	<p>Alcaldía</p> <p>Área de Infraestructuras, Medio Ambiente e Servizos Xerais</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 2: Impulsar unha rede de transporte axeitado ás necesidades de mulleres e homes.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Axeitar o transporte público a persoas con mobilidade reducida. (Continuidade do Programa Anta). - Establecer tarifas reducidas para mulleres con cargas familiares ou en risco de exclusión social. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Frecuencia do transporte adaptado, número de usuarios por sexo e necesidade. 	<p>Alcaldía</p> <p>Área de Infraestructuras, Medio Ambiente e Servizos Xerais</p> <p>Área de Benestar Social</p>

URBANISMO, TRANSPORTE, VIVENDA E MEDIOAMBIENTE	SERVIZOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 3: Adaptar a oferta pública de vivenda ás necesidades especiais das mulleres e homes.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Facilitar o acceso á vivenda de mulleres vítimas de violencia, establecendo un tratamento especial de urxencia. - Informar e asesorar ás mulleres en situación de risco sobre as posibilidades da oferta de vivenda pública. - Facilitar o acceso á vivenda a mulleres con cargas familiares en risco de exclusión social. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de vivendas públicas dispoñibles para a ocupación de mulleres vítimas de violencia ou de exclusión social. - Tipo de vivendas construídas: tamaño, ubicación, réxime de ocupación... - Criterios de selección das persoas beneficiarias. 	<p>Alcaldía</p> <p>Área de Benestar Social</p> <p>Área de Infraestructuras, Medio Ambiente e Servizos Xerais</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 4: Engadir a perspectiva de xénero nas políticas medioambientais.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Promover o desenvolvemento do principio de igualdade e calidade na xestión medioambiental. - Desenvolver actividades formativas sobre xénero e medioambiente. - Garantir a participación das mulleres nas iniciativas medioambientais. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de cursos e xornadas realizadas sobre xénero e medioambiente. - Número de mulleres que participan nas iniciativas medioambientais. 	<p>Área de Infraestructuras, Medio Ambiente e Servizos Xerais</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SAÚDE E SEXUALIDADE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 1: Difundir información relativa á saúde, a sexualidade e a calidade de vida das mulleres.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informar e divulgar a través das oficinas de información municipais os avances relativos á saúde das mulleres. - Favorecer a información sobre o embarazo, a menopausa, a saúde laboral, o estres da dobre xornada e as enfermidades que afectan ás mulleres na ancianidade. - Visualizar dos riscos para a saúde que conleva o traballo doméstico. - Favorecer a información e orientación sobre sexualidade dende diferentes instancias municipais. - Recomendar a creación dunha oficina municipal de información e asesoramento sexual. - Realizar seminarios e obradoiros sobre temas de interese par a saúde e a sexualidade das mulleres en coordinación cos grupos de mulleres e o centro de saúde e hospital. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de mulleres que solicitan información sobre sexualidade e saúde. - Número de seminarios e obradoiros organizados ou subvencionados polo Concello. - Creación dunha oficina de información. 	<p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior-Consumo</p> <p>Área de Benestar Social- Saúde</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 2: Realizar actividades de prevención en materia de saúde das mulleres e apoiar as actividades que se realicen neste sentido dende outros ámbitos.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realizar programas de prevención en materia de saúde das mulleres (anorexia, bulimia, embarazos non desexados, etc). - Promover a adquisición de hábitos saudables entre as mulleres a través de cursos, obradoiros, etc. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de programas de prevención en materia de saúde das mulleres. - Número de cursos, charlas ou obradoiros organizados. - Tipo de difusión feita para os programas e actividades de prevención. 	<p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior-Consumo</p> <p>Área de Benestar Social-Saúde</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SAÚDE E SEXUALIDADE	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 3: Favorecer a coordinación co Centro de Saúde e o Hospital.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Suixerir campañas informativas e de prevención sobre a saúde das mulleres nestes centros. - Aproveitar a presenza das mulleres nas salas de espera para que se informen sobre a situación e os dereitos das mulleres a través de folletos, revistas, resumes de prensa... - Sensibilizar ao persoal sanitario para facilitar a detección de situacións nas que se vulneren os dereitos das mulleres e promover a coordinación co CIM. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas informativas e de prevención organizadas cos centros. - Número de folletos ou revistas realizados ou subvencionados polo Concello e difundidos polo centro de saúde e hospital. - Número de xornadas ou cursos abertos ao persoal dos centros sanitarios, organizados ou subvencionados polo Concello. - Coordinación formal cos centros de saúde: contactos, periodicidade, actividades conxuntas... 	<p>Área de Saúde e Consumo.</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SAÚDE E SEXUALIDADE	SERVIZOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 4: Fomentar a realización de actividades de educación sobre a saúde e a sexualidade das mulleres.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Impulsar a formación e sensibilización para que as mulleres non recorran á medicación excesiva, acepten o seu propio corpo e melloren a autoestima. - Educar ás mulleres sobre o importante do autocoidado e que aprendan a delegar noutras persoas da familia a responsabilidade da súa propia saúde. - Mentalizar aos homes de que o coidado da súa saúde é un asunto propio e que teñen que seguir uns hábitos de vida saudables. - Realizar obradoiros de reflexión sobre a sexualidade das mulleres informando sobre as diferentes opcións sexuais. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de cursos ou obradoiros dirixidos a mulleres relacionados coa saúde e a sexualidade, e número de mulleres asistentes. - Número e tipo de actividades dirixidas a sensibilizar aos homes. - Número de actividades en relación coa saúde que incorporan a igualdade e colectivo específico destinatario (nais e pais, poboación escolar, persoas maiores...). 	<p>Área de Benestar Social</p> <p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>
<p>Obxectivo 5: Incluir nos programas de saúde laboral as necesidades e problemas das mulleres</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Promover a consideración dos diferentes problemas e enfermidades laborais que afectan especialmente as mulleres. - Impulsar o análise do impacto do acoso moral no traballo tendo en conta a variable sexo. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de estudos ou investigacións realizadas ou subvencionadas polo Concello en relación a problemas e enfermidades laborais en xeral e coa variable sexo. - Tipo de estudos e difusión dos resultados. 	<p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

SAÚDE E SEXUALIDADE	SERVIZOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 6: Introducir a perspectiva de xénero nos programas de prevención e tratamento de drogodependencias.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informar sobre as consecuencias e riscos do alcoholismo, tabaquismo e outras drogas na saúde das mulleres. - Aproveitar os programas de prevención dirixidos á poboación escolar para sensibilizar na igualdade de oportunidades. - Impulsar a implicación dos pais ao mesmo nivel que as nais nos programas de atención a xóvenes con comportamentos de risco (Educación familiar). <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de programas de prevención que inclúen unha reflexión sobre os riscos para a saúde das mulleres. - Número de actividades realizadas para a sensibilización e implicación dos pais con fillos/as con comportamentos de risco. 	<p>Área de Benestar Social-Saúde</p> <p>Área de Cultura, Igualdade, Xuventude e Deporte-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA, SOCIAL E AO DESENVOLVEMENTO	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 1: Incluir a perspectiva de xénero nas actuacións de cooperación transfronteiriza, social e ao desenvolvemento.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorporar o principio de igualdade dentro dos obxectivos estratéxicos de actuación do Concello de Verín en materia de cooperación. - Incorporar na elaboración, execución e avaliación de proxectos e programas aos intereses das mulleres e as súas necesidades. - Promover a perspectiva de xénero coma criterio de valoración dos proxectos apoiados polo concello. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de proxectos ou programas de cooperación elaborados ou nos que se participe dende o Concello que teñan en conta a perspectiva de xénero. - Número de estudos ou investigacións realizadas. - Inclusión efectiva da perspectiva de xénero coma criterio de valoración nos proxectos de cooperación. 	<p>Alcaldía</p> <p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA, SOCIAL E AO DESENVOLVEMENTO	SERVICIOS IMPLICADOS
<p>Obxectivo 2: Favorecer a sensibilización da cidadanía e os axentes sociais en materia de igualdade entre mulleres e homes e cooperación.</p> <p>Accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sensibilizar a sociedade de Verín sobre a situación que viven as mulleres en países en vías de desenvolvemento. - Fomentar a organización de xornadas onde se aborde a igualdade de oportunidades na cooperación social e ao desenvolvemento. - Asesorar ás ONGs para a inclusión da igualdade de oportunidades nas súas estruturas, funcionamento e proxectos. - Apoiar a participación de expertas en xornadas, seminarios sobre cooperación ao desenvolvemento. - Fomentar a relación entre o movemento asociativo e as ONGs que traballan a igualdade de oportunidades. <p>Indicadores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Número de campañas e xornadas organizadas: número de asistentes por sexo. - Número de asociacións e ONGs asesoradas en relación á igualdade de oportunidades. - Número de expertas que participaron en xornadas, seminarios, etc, organizados ou subvencionados polo Concello. - Fomento efectivo da relación co movemento asociativo. 	<p>Alcaldía</p> <p>Área de Promoción Económica e Réxime Interior</p> <p>Área de Igualdade-Centro de Información ás Mulleres (CIM)</p>

AVALIACIÓN DO PLAN

A avaliación da políticas públicas é unha práctica de importancia crecente no ámbito da Administración actual. Nun sentido amplo, a avaliación persegue mellorar a acción governamental, motivo pola cal nos últimos anos converteuse nun dos conceptos claves no proceso de modernización da Administración Pública. O obxectivo da avaliación é medir o impacto das actuacións públicas mediante unha análise dos seus resultados, entendendo estes como o efecto ou impacto real dun programa na súa poboación destinataria. A consideración sobre a eficacia (grao de adecuación dos medios aos fins) e a eficiencia (lograr os obxectivos cun mínimo custe) permite determinar a idoneidade das políticas públicas e facilitar con iso o proceso de toma de decisións sobre as mesmas. Unha das ferramentas para a práctica avaliadora consiste na elaboración e posterior utilización dos indicadores deseñados para recoller os principais aspectos que visibilicen o grao de cumprimento dos obxectivos previstos por unha intervención pública.

Conscientes da crucial importancia deste aspecto, o Concello de Verín ten a vontade de levar a cabo unha avaliación sistemática o III Plan de Iguadade. Polo que, o primeiro paso consistiu en axuntar ao documento unha serie de indicadores preliminares e orientativos para a avaliación posterior dos obxectivos. A medida que as accións que respostan a cada obxectivo se vaian poñendo en práctica, estes indicadores serán a ferramenta inicial para posibilitar a materialización dunha avaliación sistemática ao desenvolvemento do III Plan en Verín.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



Concello de Verín